

CONVOCATORIA DE UTILIZACIÓN DE ESPAZOS NO CENTRO DO CAMPUS AUGA 2017

A especialización no Campus da Auga representa unha oportunidade para establecer ó Campus de Ourense como un líder en temáticas relacionadas coa auga e con capacidade para expandir a súa plataforma de investigación e innovación e converterse nun líder rexional (eurorrexional) en investigación multidisciplinar no eido da auga.

O Campus da Auga dotarase de personalidade propia e identidade científica a través da construción dun edificio que albergará a sede corporativa do Campus da Auga e laboratorios específicos que potenciarán a capacidade de proxección exterior e de creación de valor económico e social como motor de desenvolvemento territorial na provincia de Ourense, tendo como base a temática da auga. No mes de setembro do ano 2016 adxudicouse a construción do edificio do Campus da Auga, que nace coa vocación de fortalecer as infraestruturas aplicables a I+D no Campus de Ourense e contará con máis de 3.500 m², dos que un terzo estarán dedicados a laboratorios especiais. A obra deberá estar finalizada no ano 2017, consonte ao establecido no convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo para a construción e desenvolvemento do Centro do Campus da Auga no Campus de Ourense mediante fondos FEDER, asinado o 3 de outubro de 2014.

Pola súa banda a Universidade de Vigo ten por compromiso estatutario acadar as máximas cotas de calidade investigadora promovendo a investigación como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade. Ao abeiro do Art. 136 dos Estatutos, a Universidade pode promover a creación de estruturas, co obxectivo de proporcionar as infraestruturas necesarias para manter e mellorar o nivel científico acadado, proporcionar valor engadido e vantaxes competitivas para a captación de recursos externos, e subministrar servizos centralizados a esta e outras universidades, centros de investigación públicos ou privados, asociacións e empresas.

A actividade de I+D+i do Campus Auga está centrada na investigación aplicada en temáticas relacionadas coa Auga nos eidos estratéxicos do Medioambiente, Alimentación, TIC, Xestión do recurso auga, Innovación social e educativa e Turismo-patrimonio cultural. Un número significativo de grupos de investigación altamente competitivos, de gran proxección e cunha alta capacidade de captación de recursos externos desenvolven a súa actividade nos devandito eidos estratéxicos.

Neste contexto, o edificio do Campus Auga constitúese como un Centro da Universidade de Vigo, dependente da Vicerreitoría do Campus de Ourense, co obxectivo específico de proporcionar infraestruturas singulares necesarias para manter e mellorar o nivel científico-tecnolóxico acadado, proporcionar valor engadido e vantaxes competitivas para a captación de recursos.

RESOLUCIÓN

Pola que a Vicerreitoría do Campus de Ourense fai pública unha convocatoria para a solicitude de utilización de espazos de investigación no Centro do Campus Auga e ordenar a publicación da referida convocatoria nos taboleiros dos rexistros da Universidade, consonte ás seguintes:

BASES

1.- **Obxecto da convocatoria.** Abrir un prazo para que os grupos de investigación do Campus de Ourense poidan solicitar espazos de investigación no Centro do Campus Auga.

Hai dous tipos de espazos, zonas susceptibles de cesión a grupos de investigación de acordo ás condicións fixadas na presente convocatoria, e zonas comúns a todo o persoal usuario.

Zonas susceptibles de cesión a grupos de investigación:

- Espazos de investigación nas plantas 2 e 3.
- Espazo de altura especial no Laboratorio de Hidráulica na planta baixa.

Os espazos de investigación serán repartidos en módulos de 39,20 m², segundo o tamaño e a actividade do grupo, e poderán ser de uso exclusivo ou compartido entre varios grupos de investigación. Unha parte do espazo quedará reservado para o desenvolvemento de proxectos estratéxicos e/ou a asignación a investigadores de nova incorporación á Universidade de Vigo. Finalmente podería ser solicitada algunha zona do Laboratorio de Hidráulica para actividades ou equipos que necesiten unha altura especial.

Zonas comúns a todo o persoal usuario:

- Espazo polivalente e cuartos de instalacións en planta semisótano.
- Sede corporativa, sala de xuntas e espazos de administración en plantas 1, 2 e 3.

A concesión de espazos no Centro do Campus Auga terá unha duración máxima de 3 anos. De cara a optimizar o uso, a Comisión de Investigación e Infraestruturas realizará unha revisión anual da utilización dos espazos para comprobar que a mesma se axusta ao especificado nas solicitudes, e en caso de que o grao de utilización das mesmas sexa claramente inferior ao especificado, poderá propoñerse a revogación da concesión.

A utilización de espazos cedidos no Centro do Campus Auga poderá levar aparelladas unhas tarifas que serán publicadas anualmente xunto cos orzamentos da Universidade.

2.- Requisitos dos/as solicitantes.

Poderán solicitar espazos dentro desta convocatoria os grupos de investigación que cumpran os seguintes requisitos:

- a. Todos os membros do grupo deben desenvolver as súas tarefas de docencia e investigación no Campus de Ourense.

- b. Ter unha traxectoria continuada de actividade de I+D+i nalgún dos eixos estratéxicos do Campus Auga e ter necesidade demostrable do tipo de espazo proporcionado polo Centro do Campus Auga.

A composición de membros dos grupos de investigación que soliciten espazos no Centro do Campus Auga poderá ser diferente a dos grupos de investigación rexistrados na web da Vicerreitoría do Campus de Ourense ou a dos rexistrados no SUXI.

3.- Presentación das solicitudes. As solicitudes deberán ser cumprimentadas empregando o modelo anexo a esta convocatoria e, unha vez asinadas, presentaranse antes do 3 de marzo de 2017 ás 14:00 horas, no Rexistro auxiliar do campus de Ourense, dirixidas á Vicerreitoría do campus de Ourense.

Non obstante, poderán presentarse indistintamente no Rexistro xeral da Universidade de Vigo, en calquera dos Rexistros auxiliares ou por calquera dos medios das letras b), c), d) e e) establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A publicación dos actos que integran este procedemento no taboleiro de anuncios do Rexistro auxiliar do campus de Ourense (Edificio Administrativo, Campus As Lagoas, s/n) servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Con independencia dos lugares nos que legalmente deban publicarse, tanto a convocatoria como os actos e acordos que integran este proceso publicaranse a título divulgativo na páxina electrónica do Campus da Auga <http://campusdaauga.webs.uvigo.es/gl/infraestructuras/centro-do-campus-da-auga>

Documentación a presentar:

- Impreso normalizado (Anexo I).
- Curriculum vitae do investigador principal que asina a solicitude.
- Curriculum do grupo de investigación nos últimos 5 anos.

4.- Procedemento de admisión de solicitudes. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas e as causas de exclusión, no lugar indicado na cláusula 3 da presente convocatoria

As solicitudes excluídas, disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución para reclamar contra a relación provisional ou para, no seu caso, corrixir ou completar a documentación, tal como se establece no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non axustarse aos termos da convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de exclusión da solicitude presentada.

Posteriormente procederáse á publicación da lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

5.- **Avaliación e selección.** A avaliación das solicitudes será feita por unha comisión de Investigación e Infraestruturas, a proposta da Vicerreitoría do Campus de Ourense formada por:

- Presidente: O vicerreitor do Campus de Ourense ou persoa en quen delegue.
- Secretario: O director da Área de Desenvolvemento e Infraestruturas do Campus de Ourense.
- Tres vogais:
 - O director da Área de Planificación do Campus de Ourense.
 - 1 representante dos Decanos/Directores dos Centros do Campus de Ourense.
 - 1 representante do PAS de Apoio á Investigación do Campus de Ourense.

A Vicerreitoría do Campus de Ourense resérvase a posibilidade de recomendar a concesión compartida dun espazo a dous ou máis grupos peticionarios en función da dispoñibilidade de espazos e a compatibilidade de usos dos mesmos. Terán prioridade na concesión os grupos que liberen espazos noutros centros de apoio a investigación no Campus de Ourense.

No caso de que o número de solicitudes presentadas sexa superior ao número de espazos dispoñibles, a comisión procederá a realizar a selección garantindo unha asignación de espazo por ámbito de coñecemento, non mais dunha por área de coñecemento, e aplicando os seguintes indicadores:

1. Traxectoria continuada de actividade de I+D+i nalgún dos eixos estratéxicos do Campus Auga (25%).
2. Participación no programa de Doutoramento do Campus Auga (25%).
3. Produción de investigación e Produción de transferencia dos membros do grupo nos últimos 5 anos, tendo en conta a produtividade do grupo -relación méritos/tamaño do grupo- (25%).
4. Valor engadido para a investigación do grupo que se desprende do uso do espazo solicitado (25%).

Unha vez avaliadas as solicitudes, a comisión adoptará un acordo que constará de:

- a) Relación de todas as solicitudes ordenadas pola puntuación final.
- b) Proposta de asignación de espazos entre aquelas que obteñan a puntuación máis alta.

6.- **Reclamacións.** Efectuada a valoración, a Comisión a través da Vicerreitoría do campus de Ourense, publicará nos lugares indicados na cláusula 3, a lista provisional de axudas

concedidas e denegadas, fixándose un prazo de dez días hábiles, que se contarán desde o seguinte á publicación da devandita lista, para que os/as candidatos/as presenten as alegacións que consideren oportunas dirixidas ao presidente da Comisión. Transcorrido este prazo, a Comisión elevará, a través da Vicerreitoría do Campus de Ourense, unha proposta definitiva de resolución.

7.- Aceptación. A aceptación do espazo asignado farase mediante documento escrito asinado polo investigador principal do grupo de investigación no prazo máximo de cinco días hábiles a contar dende o día seguinte o da publicación da resolución definitiva (Anexo II).

A concesión de espazos no Centro do Campus Auga terá unha duración máxima de 3 anos, prorrogable en base á Normativa de funcionamento interno específica do Centro. De cara a optimizar o uso, a Comisión de Investigación e Infraestruturas realizará unha revisión anual da utilización dos espazos para comprobar que a mesma se axusta ao especificado nas solicitudes.

8.- Dereitos. A concesión de espazos no Centro do Campus Auga leva aparelado:

- Uso en exclusiva do espazo asignado por parte do persoal do grupo mencionado na solicitude durante o período de vixencia da concesión
- Dereito de acceso ás áreas comúns e de uso compartido do equipamento común do Centro por parte do persoal do grupo mencionado na solicitude.

9.- Deberes. Os persoal investigador usuario do Centro do Campus Auga deberá respectar a Normativa de funcionamento interno específica do Centro. Así mesmo, os usuarios destes novos espazos de investigación que empreguen organismos vivos, sustancias tóxicas e/ou equipamentos perigosos deberán estar informados da lexislación existente respecto ao coidado, manipulación e transporte dos mesmos, e comprometeranse a cumprir dita lexislación. No caso de emprego de algunha destas sustancias tóxicas ou organismos é indispensable comunicar á Oficina de Medio Ambiente da Universidade de Vigo as cantidades e características co obxecto dunha axeitada recollida de residuos tóxicos e perigosos.

10.- Perda do dereito de uso do espazo. A Comisión de Investigación e Infraestruturas realizará unha revisión anual da utilización dos espazos para comprobar que a mesma se axusta ao especificado nas solicitudes, tendo en conta especialmente o establecido no Anexo I. En caso de que o grao de utilización das mesmas sexa claramente inferior ao especificado, poderá propoñerse a revogación da concesión. No caso de utilización non responsable das instalacións, mobiliario e demais material, a comisión á que se refire a cláusula 5 da presente convocatoria tamén poderá acordar o desaloxo do espazo asignado.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente

resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado, namentres non recaía resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ourense, 3 de febreiro de 2017

O REITOR

Por delegación (RR 07/05/2014, DOG 13/03/2014)

vicerreitor do Campus de Ourense



Virxilio Rodríguez Vázquez

Diligencia para facer constar que esta
Resolución se publica no taboleiro
do Rexistro do campus de Ourense
con data 03 de febreiro de 2017.
A xefa da Área de Servizos á Comunidade



Maria Teresa Diaz Alvarez